

qwertyuiopasdfghjklzxcvbnmqwerty  
uiopasdfghjklzxcvbnmqwertyuiopasd  
fghjklzxcvbnmqwertyuiopasdfghjklzx  
cvbnmqwertyuiopasdfghjklzxcvbnmq  
wertyuiopasdfghjklzxcvbnmqwertyui  
opasdfghjklzxcvbnmqwertyuiopasdfg  
hijklzxcvbnmqwertpasdfghjk

## PROXECTO LINGÜÍSTICO

CRA MESTRA CLARA TORRES



**INDICE:**

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. MARCO TEÓRICO**
- 3. MARCO LEXISLATIVO**
- 4. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO (contexto, familias, alumnado, profesorado)**
- 5. FUNCIÓNS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGUA GALEGA**
- 6. PRINCIPIOS RECTORES E LIÑAS DE ACTUACIÓN DA P.L.**
- 7. OBXECTIVOS XERAIS**
- 8. FORMULACIÓN DO PROCESO DE MELLORA DA ENSINANZA E APRENDIZAXE DA LINGUA GALEGA**
- 9. USO DAS LINGUA SNO CENTRO**
- 10. ÁMBITOS DA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA: organizativo-académico, xestión pedagóxica e interacción didáctica, relación co contexto social e familiar, TRATAMENTO INTEGRAL DAS LINGUAS (TIL)**
- 11. ACTUACIÓNS XERAIS**
- 12. ADDENDA 2014-15: Valoración PFG do curso 13-14, Plan de actuacións PFG 14-15, Plan de actuacións no Proxecto Documetal Integrado (PDI): *A auga na contorna de Tui***

## 1.-INTRODUCCIÓN:

As páxinas seguintes amosarán que o uso de **diversas linguas** que viven e perviven nun territorio debe ser concebido como **riqueza** e que dinamización do **uso** desas linguas é un **principio educativo fundamental**.

Coa planificación lingüística do centro tratamos de establecer estratexias para o desenvolvemento da competencia lingüística do alumnado, do profesorado e das familias.

A planificación lingüística debe ser un esforzo consciantedesenvolvido para influír na conduta das persoas que conforman a Comunidade Educativa respecto da adquisición, da estrutura ou da asignación funcional dos seus códigos lingüísticos.

## 2.-MARCO TEÓRICO

Entendemos a planificación lingüística como unha actividade consciente levada a cabo para resolver diversos tipos de problemas sociolingüísticos: lingüísticos, porque afecta as linguas e/ou os falantes; e sociais, porque afecta o status social, as ideoloxías e as funcións sociais das linguas, dos Estados e dos grupos sociais.

Tal como aparece na *Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato pretendemos significar que a competencia en comunicación lingüística terá que ser o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Deste xeito no noso PL estas situacións e prácticas implicarán o uso varias linguas, O GALEGO, O CASTELÁN E O INGLÉS en diversos ámbitos e de maneira individual e colectiva axustadas ás experiencias comunicativas da lingua materna e nas outras linguas de forma integral, interdisciplinar e vivencial que experimentan no contexto formal, informal e informal.*

Esta visión da competencia en comunicación lingüística no PL está enxergada coas prácticas sociais no que as persoas son os axentes comunicativos que producen, y non sólo recibe, mensaxes a través das linguas con distintas finalidades.

Optarase por metodoloxías activas de aprendizaxe (aprendizaxe baseado en tarefas e proxectos, en problemas, en retos, etc), xa sexan estas na lingua materna, na outra lingua oficial ou na lingua estranxeira, fronte a opcións metodolóxicas máis tradicionais.

Ademáis, a competencia en comunicación lingüística representa unha vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural que implica un factor de enriquecemento para a propia competencia e que adquire unha particular relevancia no caso das linguas estranxeiras. Por tanto, un enfoque intercultural na ensinanza e o aprendizaxe das linguas implica unha importante contribución ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

Dinamizaremos no PL a interacción de distintas destrezas, xa que a CCL prodúcese en múltiples modalidades de comunicación e en diferentes soportes. Dende a oralidade e a escritura ás formas máis sofisticadas de comunicación audiovisual ou mediada pola tecnoloxía.

Este PL completárase co PLAN LECTOR e para O uso da Biblioteca Escolar como espazo de aprendizaxe e disfrute.

De igual maneira a CCL no PL inscríbese nun marco de actitudes e valores.

Por conseguinte, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e as dimensións nas que se concretan:

- compoñente lingüístico
- compoñente pragmático-discursivo
- compoñente socio-cultural
- compoñente estratéxico
- compoñente persoal na que debemos ter en conta a actitude, a motivación e os rasgos de personalidade

### **3.-MARCO LEXISLATIVO**

- DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia
- Instrucción do 31 de xullo 2013 para aplicación do Decreto 79/2010 tras a Sentenza do tribunal Superior de Xustiza de Galicia

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecerlos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia

Neste sentido, é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

No noso centro teremos en conta o que se establece nos seguintes artigos:

- Artigo 5º-*Educación infantil.*

1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.

2. A lingua materna predominante do alumnado será determinada a través de observacións realizadas na aula, patio e a través das entrevistas persoais coas familias a principio de curso.

A atención ao alumnado será de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

#### **4.-SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO**

##### **FAMILIA.**

Non podemos esquecer que son cada vez máis os alumnos e alumnas que chegan comprendendo a lingua galega pola seu contexto social, familiar e comunitario no rural pero sen empregar o galego. Debemos crear vínculos afectivos, identitarios e simbólicos co galego. Ademais, nunha

gran parte das actividades propias do lecer e do tempo libre as relacións humanas e as actividades relacionadas constrúense en castelán, de maneira que ao galego se lle concede un escaso valor práctico.

Pola súa parte, as familias tamén xogan un papel fundamental, debido á súa relevancia como institucións sociais, no reforzo dos elementos que axudan a construír as claves (identitarias, éticas, sociais e económicas) dos seus membros.

Por unha banda, os transmisores afectivos da lingua son as persoas maiores, que non representan hoxe en día un modelo social valorado.

Ademais, mantéñense nas nosas familias, con diferente extensión e forza, algúns prexuízos e estereotipos ante o galego e os seus falantes. E, finalmente, o grao de castelanización en certos ámbitos é tan alto que, en moitos casos, pais e nais non se senten motivados para transmitir o galego aos fillos.

##### **PROFESORADO**

A implicación do profesorado nas actividades derivadas da PL é determinante para acadar os obxectivos marcados. Sen un profesorado comprometido ou, cando menos, que asuma dexeito profesional as tarefas deseñadas desde o centro, pouco ou nada se pode facer. Polo contrario, un grupo docente colaborador pode contribuir a acadar resultados moi positivos, dada a súa función como axente produtor e reproducidor de representacións sociais e o seu impacto no resto da comunidade educativa, de maneira salientable entre o alumnado.

O profesorado que se expresa en castelán pode contribuir ao proceso de prestixio do galego sempre que, desde a súa lexítima elección lingüística, favoreza ou cando menos non impida a visibilización da lingua galega naquel alumnado que a teña como lingua de uso espontáneo.

O fomento da lingua galega non debe servirse como algo que debilita, senón todo o contrario, o dominio de ambas as linguas é un indicador de enriquecemento.

##### **EDLG**

O Equipo de Dinamización da lingua galega (EDLG) é un órgano central e transversal DE VITAL IMPORTANCIA NO CENTRO para o deseño e posta en práctica das accións de planificación lingüística, en permanente contacto co Equipo Directivo do centro. Será o responsable de realizar a diagnose da

situación lingüística do centro e, de acordo cos datos realizar proposta das actividades deseñadas para cumprir uns obxectivos marcados

Por esta razón, debe ter un carácter transversal e procurárase que na súa composición estean representados profesorado titor e especialistas para poder facer un tratamento integral e transversal das linguas.

#### EQUIPO DIRECTIVO

O Equipo Directivo terá a responsabilidade de deseñar e de poñer en práctica o proceso de planificación lingüística no centro. Debe constituírse como axente fundamental nas actividades de dinamización lingüística.

A Dirección será consciente de que a xestión pedagóxica das linguas debe ser asumida por todo o profesorado e deberá garantir o cumprimento da lexislación vixente.

#### ANPA

A colaboración e implicación da ANPA será importante e necesaria neste proceso polo que se deseñarán actuacións a desenvolver na contorna familiar e comunitaria.

#### REALIDADE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

##### SITUACIÓN DO CONTEXTO:

O centro é un ecosistema favorable á utilización da lingua galega dende o punto de vista administrativo e organizativo.

As aulas están dispersas por núcleos rurais do Concello polo que a lingua de referencia sempre é o galego pero dase a circunstancia de estar o uso e prestixio do galego en total retroceso aínda que é unha lingua que se comprende a nivel oral e escrito. Outra realidade a ter en conta é a existencia da RADIO MUNICIPAL que emprega esa lingua e ten moita audiencia na contorna.

**SITUACIÓN DO PROFESORADO:** A totalidade do profesorado (20) emprega o castelán maioritariamente nas súas relacións interpersonais, un 90%. A hora de impartir clase, o profesorado emprega o castelán pois é a lingua vehicular do 95% do alumnado e, por este motivo, o galego é unha lingua moi secundaria.

**SITUACIÓN DO ALUMNADO:** O alumnado na súa maioría (95%) é castelán falante e non emprega o galego como lingua vehicular aínda que sí o comprende.

**SITUACIÓN DAS FAMILIAS:** as familias empregan na contorna familiar o galego cos seus maiores e o castelán cos seus fillos. Comprenden e se expresan indistintamente nas 2 linguas.

##### SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Os DOCUMENTOS REFERENCIAIS do proxecto serán o PE, PXA, PLAN DE CONCRECIÓN CURRICULAR, Plan Lector e o Plan Lingüístico do centro do que emanan as seguintes propostas:

- ▶ Achegamento o emprego oral e escrito da lingua galega dentro e fóra das aulas.
- ▶ Reforzo da dimensión comunicativa do galego no contorno escolar e municipal.
- ▶ Achegamento á lingua e ao coñecemento da realidade sociocultural galega por parte do alumnado e familias emigrantes.
- ▶ Colaboración con institucións e entidades culturais para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.
- ▶ Relación da lingua galega coas TIC.

Este Proxecto L. pretender ser un dos elementos de mellora da calidade educativa do centro e tentará facer do uso do GALEGO unha realidade NORMALIZADA **PARADARLLE A VOLTA** á realidade sociolingüística do alumnado, profesorado e das familias dende unha metodoloxía de traballo por proxectos tratando de achegar a escola á vida diaria, empregando un enfoque globalizador e partindo dos intereses das nenas e dos nenos, das súas experiencias e dos seus coñecementos previos.

Dende a perspectiva didáctica, a P.L.articúlase como un itinerario formativo planificado en situacións de ensino nas que se poñen en práctica as diferentes competencias básicas.

Debemos proponer que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e co profesorado.

Os datos achegados polo Mapa sociolingüístico de Galicia, os datos estatísticos oficiais e a información achegada polos pais e nais son os que dar corpo a esta P.L. Contémplase que os alumnos manteñan unha boa competencia na súa lingua familiar (L1) e que, progresivamente, adquiran unha competencia suficiente na outra lingua oficial (L2).

Cómpre reiterar que a adquisición de varias linguas nunca representa un problema, senón todo o contrario: é unha riqueza que, posteriormente, influirá de xeito favorable na adquisición doutras linguas. Os nenos e nenas non só poden aprender con facilidade dúas linguas, senón que as aprendizaxes lingüísticas que incorporan a unha delas as van transferindo dun xeito espontáneo á outra, de maneira que se dá unha frutífera interdependencia.

#### **5.-FUNCIONS EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

Tal como aparece recollido no artigo 18 do Decreto 79/2010 os equipos de NL (124/2007 ) pasan a denominarse **EQUIPOS DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.**

Serán función destes equipos **según** Artigo 64<sup>o</sup> do D. 374/1996

1. Presentar, a través do claustro, propostas ó equipodirectivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
  - a) Medidas para potencia-lo uso da lingua galegas actividades do centro.
  - b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potencia-la presencia da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

#### **6.-PRINCIPIOS RECTORES E LIÑAS DE ACTUACIÓN DO PL**

Coas actividades dinamizadoras consolidaremos liñas de actuación que permitan **darlle ao galego unha vitalidade** alta entre a comunidade escolar. Isto terá un efecto beneficioso para os usos, as actitudes e o prestixio xeral da lingua. A influencia das actividades de dinamización lingüística vese a medio e longo prazo, non esperemos que haxa cambios inmediatos nos usos e nas actitudes lingüísticas.

Trátase de converter o galego na lingua principal da vida do centro e que esa ambientalidade lingüística favorable acabe axudando a modificar percepcións e condutas de todos os implicados no proceso educativo pero para elo debemos contar co apoio da Inspección Educativa

Se temos en conta o Artigo 4<sup>a</sup> do D. 79/2010 temos os seguintes principios:

1. Garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
2. Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
3. Adquisición dun coñecemento efectivo en lingua estranxeira, nun marco xeral de promoción do plurilingüismo
4. Participación e colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos.
5. Promoción da utilización da lingua galega como lingua principal do centro.
6. Dinamización dos usos, as actitudes e o prestixio xeral da lingua galega
7. significación da importancia dun tratamento integral das linguas



8. Implicación da comunidade educativa no fomento do uso do galego
9. uso do galego na biblioteca
10. dinamización da lectura en galego na biblioteca da aula a través DA HORA DE LER E HORA DE ESCRIBIR
11. promoción da lectura de contos en galego na contorna familiar

### **7.-OBXECTIVOS XERAIS**

**Oobxectivo final da planificación lingüística** do centro educativo consistirá en acadar resultados satisfactorios en tres piares básicos: **a competencia, o uso e as actitudes lingüísticas do alumnado.**

Para poder facer realidade o obxectivo final proposto estableceremos os seguintes obxectivos:

- Velar polo cumprimento da lexislación lingüística no sistema educativo.
- Promover campañas institucionais de motivación e de sensibilización do uso do galego na vida do centro
- Propiciar o asesoramento, formación e sensibilización do persoal docente e das familias
- Garantir un rigoroso seguimento e avaliación das medidas postas en funcionamento.
- Estender e optimizar o uso da lingua galega no centro
- Conseguir un cambio de imaxe que permita acadar cotas máis altas de prestixio para a lingua galega.
- Implicar todos os axentes escolares neste proceso.
- Abordar o escenario educativo e escolar e contribuír á dinamización lingüística do contexto.
- Garantizar a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Dinamizar o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
- Adquirir un coñecemento efectivo na lingua estranxeira nun marco xeral de promoción do plurilingüismo
- Implicar a participación e colaboración das familias na defensa e uso das linguas oficiais do centro visibilizando a lingua minoritaria
- Promocionar o fomento da lingua galega no centro.

### **OBXECTIVOS A LONGO PRAZO**

- Vencer os prexuízos da comunidade escolar, cara o uso do galego como lingua de comunicación
- Conseguir unha valoración positiva cara a comunicación en galego
- Sensibilizar ás familias das ventaxas do ensino en galego
- Coñecer e poñer en valor os recursos do Concello
- Relacionarse coas TIC en galego

### **OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DE ACTUACIÓN A CURTO PRAZO**

- Rachar coa inercia do non uso do galego como linguaxe de expresión e comunicación
- Desenvolver unha actitude positiva no alumnado de cara ao galego.
- Identificar o galego como unha lingua moderna plenamente axeitada para o manexo das novas tecnoloxías.
- Relacionar o galego con diferentes manifestacións culturais e recursos etnográficos (música, pintura, teatro)
- Establecer no alumnado, familias e cidadanía lazos afectivos de cara ao galego.
- Descubrir as posibilidades das TIC como potente fonte de información
- Empregar a biblioteca escolar como laboratorio de creación e de coñecemento
- Mellorar as competencias lingüísticas, sobre todo a nivel oral
- Visibilizar as posibilidades do galego na vida social, na vida cotiá, na vida pública, na vida escolar

## **8.-FORMULACIÓN DO PROCESO DE MELLORA DO ENSINO E DA APRENDIZAXE DA LINGUA GALEGA**

- Fortalecemento da maridaxe GALEGO-TIC no centro
- Emprego do galego tanto oral coma escrito no desenvolvemento das ensinanzas a través das TIC
- dinamización do emprego na aula do galego de xeito continuado creando O TEMPO DE LER EN GALEGO, TEMPO DE ESCRIBIR EN GALEGO, TEMPO DE MÚSICA EN GALEGO,...para facer visible a lingua galega.
- creación do material de aula para as aprendizaxes en galego tanto en soporte papel como soporte TIC
- deseño de estratexias motivacionais para que as familias gusten empregar o galego
- emprego do patrimonio cultural, natural, etnográfico como eixo vertebrador do uso do galego
- emprego comparativo e integral das linguas

## **9.-USO DAS LINGUAS NO CENTRO**

En primeiro lugar establecer que aínda que a situación lingüística do centro amosa un claro retroceso do uso da lingua galega a nivel oral e escrito hai que reseñar que a zona de influencia das aulas do centro é rural e que o galego segue a estar en contacto co noso alumnado polo que nos lles resulta unha lingua allea pois avós, avoas, tíos, ....empregan o galego na contorna familiar.

En función dos datos obtidos a principio de curso deseñaremos actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais: galego e castelán.

Se a situación lingüística do centro é manifestamente castelán falante e tendo en conta o establecido polo **Artigo 11º.-Potenciación da lingua**

**galega** deseñaremos un plan de actividades de fomento da lingua e coa participación de toda a comunidade educativa,

Según o Artigo 12º.-*Horarios e utilización das linguas nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá*, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado.

No caso do noso centro mergullado nun contorno castelán falante a práctica a desenvolver será que alomenos un docente en contacto co alumnado debe ser falante habitual do galego, e empregar esta lingua en todas as interaccións co alumnado, tanto formais coma informais. Isto levará a que os nenos e nenas identifiquen esa persoa co galego e se sintan estimulados a utilizalo con ela. Nesta etapa é esencial a dimensión oral da lingua, cuxa consolidación é necesaria, ademais, para iniciar logo o proceso de lectoescritura. Por iso se lle prestará unha atención especial, desenvolvendo actividades variadas, tanto individuais coma grupais.

Desde o comezo de curso, os nenos e nenas deben escoitar abundantes mensaxes orais en galego por parte do profesorado.

Tal como indica o Decreto 124/2007 (artigo 7.1.), «no caso de contornos castelán falantes, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza será, como mínimo, igual á da lingua castelá». A proposta máis acaída é que o profesorado empregue o galego en case todas as ocasións, sen forzar en ningún momento a lingua de expresión do alumnado. Aínda que este se exprese en castelán, recibir as mensaxes dos docentes en galego contribuirá a que interiorice o léxico e as estruturas da lingua, condición imprescindible para que logo poida utilizala con fluidez.

Se as actividades relacionadas coa lectoescritura se comezan facendo en castelán, deben ir desenvolvéndose paralelamente en galego (só cun mínimo desfase temporal), facendo fincapé nas especificidades propias de cada unha das linguas (coma tal, os fonemas que non son comúns, as variacións léxicas e morfolóxicas, etc.). Se neste contorno castelán falante existen algúns alumnos que, pola súa procedencia familiar se expresan en galego, en vez de deixar que o perdan, ou que o oculten, debemos coidar con especial atención que o manteñan e facelo visible prestixiando.

#### 1. DOCUMENTOS OFICIAIS (comunicacións orais e escritas):

As circulares, comunicacións, actas, notas informativas ao profesorado e ás familias, correspondencias, entradas nos blog, Atención ao público, reunións con familias, intervencións en actos oficiais, intervencións nos medios de comunicación, actividades extraescolares, campañas informativas do centro, semanas ou xornadas culturais, celebracións, actuacións teatrais e musicais, etc., follas informativas ás familias, notas de prensa, anuncios, autoadhesivos, cartas, prensa da escola, páxinas web, blogs, radio escolar, rotulacións, difusión, etc. serán **SEMPRE en lingua galega**.

#### 2. DESEÑO DE PROPOSTAS CURRICULARES, DIDÁCTICAS, PLANS E PROXECTOS:

Empregarase **sempre a lingua galega**.

### 3. LINGUA DE COMUNICACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CURRICULAR:

Tal como aparece establecido no D. 79/2011, ART. 5 nos diferentes cursos de E.I. partírase da lingua materna pero sen esquecer a obriga de empregar e usar a lingua galega e a castelá en igualdade.

O **emprego de ámbas linguas** será dun **50% e de xeito globalizado**.

Cando se estime oportuno modificar esta porcentaxe aprobarase en Claustro e C.Escolar.

### 4. MEDIDAS E ESTRATEXIAS A DESENVOLVER CO ALUMNADO QUE NON TEÑA DOMINIO NA LINGUA GALEGA

Tendo en conta a realidade lingüística do centro implementaremos medidas e estratexias para a adquisición progresiva da lingua galega a partir do uso e emprego oral e escrito simultaneado coa lingua castelán. de igual maneira empregando soporte visual do vocabulario empregado.

Dende o D.O. elaborárase vocabulario bilingüe-trilingüe según centro de interese a traballar nas aulas.

Para o alumnado sen coñecemento nas 2 linguas oficiais empregaremos LOTOS, IMAXES, SECUENCIAS VISUAIS, HORARIOS VISUAIS,...

### 10.-ÁMBITOS DE PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA:

#### a) ÁMBITO ORGANIZATIVO E ACADÉMICO

#### **Accións xerais de visibilización centradas no uso do galego (oral e escrito)**

Estas medidas irán dirixidas a darlle un pulo significativo á visibilidade do galego, co impulso subseguinte á adquisición dunha competencia práctica no idioma e á conformación de actitudes positivas. Trátase, xa que logo, de acadar unha visibilidade permanente da lingua galega no centro, facendo dela unha lingua «próxima» tanto nas aulas como fóra delas.

-Aspectos visuais e documentais do centro.

- Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos, etc.

- Ter en galego a páxina web e blogs do centro e promover, a través de diversos enlaces, a

consulta doutras páxinas de interese.

- Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno: correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados, etc.

- Facer en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.

- Ferramentas web dispoñibles.

- Documentos oficiais escritos: documentación interna, arquivos, comunicacións, convocatorias, avisos,

certificados, actas de reunións, oficios, regulamentos, follas informativas, etc.

- Documentación económica: recibos, facturas, inventarios, balances, documentos contables, etc.
- Comunicación oral: asembleas, reunións de traballo, comisións, etc.

### **b) ÁMBITO DE XESTIÓN PEDAGÓXICA E DE INTERACCIÓN DIDÁCTICA**

Preténdese dinamizar a complexa rede de relacións interpersoais que se establecen na comunicación educativa e que poden promover no alumnado unha competencia comunicativa completa e un certo cambio nas normas persoais de uso lingüístico. Distinguímos tres sectores de actuación:

#### **-PLANIFICACIÓN EDUCATIVA**

Proxecto educativo de centro, proxectos curriculares, propostas didácticas, planificación das actividades docentes anuais, programación de departamentos didácticos, etc.

#### **-REFORZO, ASESORAMENTO E APOIO TÉCNICO**

Adaptacións curriculares, proxectos de formación do profesorado nos centros, proxectos de grupos de traballo e seminarios, proxectos de innovación, documentación referente aos gabinetes psicopedagóxicos, etc.

#### **-SEGUIMIENTO E CONTROL**

Memoria anual do centro, boletín de notas, expedientes do alumnado, informes dos consellos de avaliación, etc.

#### **O docente devén modelo de lingua e promotor dos usos lingüísticos:**

- a) Pola adecuación, propiedade e corrección da lingua que utiliza.
- b) Pola variedade de funcións para as cales usa a lingua.
- c) Polas actitudes que mantén cara á lingua e a súa recuperación e a dinámica que é capaz de pór en marcha.

Os docentes, coordinadoras-es de equipos e o E.D. deben ter en conta que os **materiais didácticos** han de cumprir unhas condicións básicas:

- a) Dar unha visión da lingua proxectada ao futuro, evitando a asociación co ruralismo e o abuso na presentación de formas de vida tradicionais.
- b) Evitar a reprodución de prexuízos e de estereotipos lingüísticos negativos.
- c) Achegar todo tipo de textos e soportes e incorporar os usos necesarios para actuar en galego en todos os ámbitos da actividade social.

127

### **c) ÁMBITO DE RELACIÓN CO CONTEXTO SOCIO -FAMILIAR**

Comprenderá todo o conxunto de situacións de relación entre centro educativo e a realidades familiar e social que terán unha importancia capital no desenvolvemento de actitudes positivas cara á lingua, dentro do contexto familiar e social que rodea o alumnado.

**Os actores e axentes da planificación lingüística escolar** que son as persoas que conforman a C. Educativa teñen responsabilidade na planificación lingüística (PL) no ámbito escolar e serán os verdadeiros actores do cambio e favorecedores da **competencia, o uso e as actitudes lingüísticas do alumnado.**

#### **d) ESTRATEXIAS PARA UN TRATAMENTO INTEGRAL DAS LINGUAS**

Ao estar na etapa de E.I. resulta razoable deseñar actuacións que leven enxeridas un tratamento integral das linguas o que vai favorecer a flexibilidade mental, habilidades para un pensamento abstracto, unha conciencia metalingüística, pensamento diverxente e un desenvolvemento intelectual.

Podemos conceptualizar TIL na nosa Comunidade que hai 2 linguas oficiais e unha lingua estranxeira como unha programación consensuada entre as linguas empregadas no proceso de e-a e que son vehículo para aprender.

Dentro das liñas de innovación para unha educación do século XXI está, necesariamente, desenvolver accións encamiñadas a un tratamento integral das linguas pois a lingua constitúe un factor clave no desenvolvemento humano, na dimensión individual e social. a lingua, as linguas son ese recurso co que creamos e cimentamos a cultura, coa que nos comunicamos, coas que representamos o mundo, coas que nos insertamos na sociedade, coas que expresamos sentimentos, coa que investigamos, realizamos actividades económicas, etc.

O concepto de TIL exténdese nos derradeiros anos grazas ao MARCO COMÚN EUROPEO DE REFERENCIA PARA AS LINGUAS que establece a necesidade da presenza de diferentes e diversas linguas nos centros educativos e así se expón:

*"el enfoque plurilingüe enfatiza el hecho de que conforme se expande la experiencia lingüística de un individuo en los entornos culturales de una lengua (...) el individuo no guarda estas lenguas y culturas en compartimentos mentales estrictamente separados, sino que desarrolla una competencia comunicativa a la que contribuyen todos los conocimientos y las experiencias lingüísticas y en la que las lenguas se relacionan entre sí e interactúan. (...) Por ejemplo, los interlocutores pueden cambiar de una lengua o un dialecto a otro, explotando así la habilidad que tiene cada uno para expresarse en una lengua*

*y para comprender otra. Una persona puede recurrir al conocimiento de varias lenguas para dar sentido a un texto, escrito e incluso hablado, en una lengua previamente «desconocida», reconociendo palabras de un fondo común internacional que aparecen con una forma nueva. Desde esta perspectiva, la finalidad de la educación en una lengua queda profundamente modificada. Ya no se contempla como el simple logro del «dominio» de una o dos —o incluso tres lenguas— cada una considerada de forma aislada, con el «hablante nativo ideal» como modelo fundamental. Por el contrario, el objetivo es el desarrollo de un repertorio lingüístico en el que tengan lugar todas las capacidades lingüísticas"*

13 Área de linguas: L1, L2, L.Es. ... Áreas Non Lingüísticas Outros códigos: Imaxen, xesto movemento, son Tratamentos integrados: ámbitos de integración Tratamento integrado das linguas (multilectoes-crituras) Tratamento integrado das linguas (TIL) Tratamento integrado das linguas e os contidos (TILC) Tratamento integrado dos contidos das ANL (Globalización, interdisciplinabilidade, destrezas cognitivas)

14 Tratamento Integrado das Linguas (TIL) Criterios unificados  Respecto ao aprendiz plurilingüe.  Respecto ao obxecto de ensinanza-aprendizaxe: habilidade comunicativa plurilingüe.  Respecto ao proceso ea: a didáctica plurilingüe. Organización conjunta  A secuencia e momento de incorporación das diferentes linguas.  Da secuencia e momento de incorporación do tratamento sistemático da lectoescritura en cada unha das linguas.  Dos contidos das diferentes linguas. Artéllase sobre tres aspectos que interactúan simultaneamente: Tratamentos diferenciados  Según as linguas: L1/L2, linguas ambientais / LE, LDom / LMin...  Según os alumnos e as alumnas: de LDom / LMin, inmigrantes, con NEE.  Según os obxectivos: competencias xerais, parciais, con propósitos específicos.

As principais estratexias serían abordar as tres linguas do centro de forma global en canto aos contidos a desenvolver: -CORES: VERDE, VERDE, GREEN, -TAMAÑOS: PEQUEÑO, PEQUENO, SMALL -FORMAS: CÍRCULO-CÍRCULO-CIRCLE -TEMPO ATMÓSFERICO -PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS PLURILINGÜES

EXEMPLO:

GOTA-PINGA- WATER DROP

-CANCÍONS EN INGLÉS, GALEGO E CASTELÁN COA MESMA TEMÁTICA

-DOBRAXE DE DOCUMENTAIS EN VARIA SLINGUAS

-INVENCIÓN DE TEXTOS PLURILINGÜES

### **11.-ACTUACIÓNS XERAIS**

Ademais do uso que se poida facer dela durante o tempo cotián da clase, é recomendable asociar a lingua galega a certas actividades fixas, preferentemente as que o alumnado valore positivamente (a hora do conto, xogos colectivos, cancións, dramatizacións...), para crear contextos atractivos

que inviten á súa utilización. Débense valorar –e loar publicamente– os avances que os nenos e nenas castelán falantes vaian facendo na utilización do galego.

#### **O GALEGO NAS ACTIVIDADES CREATIVAS**

-creación-realización de contos

-banda deseñada

-gravacións sonoras e audiovisuais,

-funcións teatrais,

-blogs da clase

-blog de centro

#### **O GALEGO NA APRENDIZAXE DA LECTOESCRITURA**

-rotulacións

-caixas de vocabulario temático

-hora de ler en galego

-clubes de lectura en galego

-apadriñamento-amadriñamento lector en galego

#### **O GALEGO NA ADMINISTRACIÓN E ORGANIZACIÓN DO CENTRO**

-cuños en galego empregados na vida administrativa o oficial do centro, os de rexistros de entrada e saída, da biblioteca, etc.

-comunicacións, circulares, memorias, programacións, plans e proxectos,..

-carteis nos festivais

-orlas dixitais en galego



## O GALEGO ORAL

- Conversas coas familias
- conversas entre profesorado
- Usar a lingua galega en todos os actos que organice o centro: reunións de pais, festivais, conferencias, etc.
- Empregar o galego na megafonía, actividades complementarias, etc.
- presentación en galego

## O GALEGO E AS TIC

- utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (TICS), promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos en galego, utilización dos diversos recursos que ofrece internet, creación de weblogs colectivos,...e empregando recursos para PDI en galego ou JCLIC, WEBQUEST,...
- Recompilar material informático que axude o profesorado a traballar en galego: tradutor, corrector, ferramentas informáticas para elaborar recursos (Ardora, Lim, Javaclic, phpwebquest, etc.).
- Editar en galego a revista e outras publicacións (periódicas ou non) do centro en formato papel
- Promover a creación de recursos para a radio municipal en galego
- Ter ben dotada de libros e revistas en galego a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula, fomentando o seu uso e a súa lectura.
- Ter ben dotada de materiais audiovisuais a fonoteca e a mediateca do centro, de xeito que o alumnado coñeza a riqueza das producións feitas en galego.
- Fomentar, a través de xogos e outras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- Impulsar a elaboración de vídeos e curtametraxes en galego.

## O GALEGO NAS FESTAS, CONMEMORACIÓNS

- O SAMAÍN
- O MAGOSTO
- O NADAL
- O ENTROIDO
- A PAZ
- LETRAS GALEGAS
- SEMANA DA PRENSA
- FESTA FIN DE CURSO

## 12.-ADDENDA 2014-15

### VALORACIÓN PLAN FOMENTO GALEGO 2013-14

Reseñaremos que soamente o 40% das actuacións reseñadas se desenvolveron e destas a valoración xeral é positiva en canto ao grado de uso da lingua galega entre a comunidade educativa e sobre todo o gusto pola lingua entre o alumnado. entre o profesorado custa máis vivenciar a necesidade de empregar a lingua galega de xeito cotiá e non como algo obrigado.

Dentro das actuacións deseñadas dende a BIBLIOTECA os resultados foron máis satisfactorios.

<b>OBXECTIVOS XERAIS</b>	<b>ACTUACIÓNS</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
Dinamizar o coñecemento e utilización do galego no PLANO ORAL E ESCRITO ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA E A COMUNIDADE SOCIAL E CULTURAL.	-Edición da recompilación de escolmas de novas en galego nos xornais tanto en formato impreso como dixital  -Edición de recompilación de tradicións culinarias das familias	1º-2º-3º trimestre
Promover o coñecemento do galego a través da lectura de literatura galega na EUROCIDADE DE VALENÇA-PORTUGAL	Prestamo de libros de literatura galega á BIBLIOTECA MUNICIPAL DE VALENÇA e ao agrupamento de escolas MURALHAS DO MINHO da Eurocidade de Valença- Portugal.	2º-3º trimestre
Promover o COÑECEMENTO E UTILIZACIÓN NORMALIZADA DA LINGUA GALEGA como lingua de prestixio social en tódolos planos da vida escolar e social do centro COMO FONTE DE RIQUEZA PERSOAL, SOCIAL, POLÍTICA E CULTURAL.	Realización e produción de programas de radio  Realización dun maratón de lectura en galego	3º trimestre
Dinamizar o emprego creativo da lingua galega no ámbito das n.e.a.e (atención, lectoescritura, memoria,...)	Edición, Publicitación e difusión de recursos relacionados coa promoción da lectura, mellora da linguaxe oral, incremento das aprendizaxes básicas para a vida	2º trimestre
Dinamizar o emprego creativo da lingua galega no ámbito das CCCC e nas APRENDIZAXES SITUADAS	Edición dun calendario competencial	2º trimestre
Promover o emprego do galego no contexto social	CONTACONTOS NA RADIO:1conto semanal en galego en horario de	2º trimestre

	audiencia para que poida ser empregado polos centros educativos	
<b>OBXECTIVOS DIDÁCTICOS A ACADAR NO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO.</b>		
Empregar a lingua galega como lingua de comunicación entre o centro, a comunidade escolar, a comunidade social e as institucións públicas e privadas.	Redacción obrigada de documentos institucionais en galego (PXA, PE, PAT, PLAN DE CONCRECIÓN CURRICULAR, PROPOSTAS PEDAGÓXICAS,...)	Todo o curso
Promover o coñecemento e uso da lingua galega entre a comunidade familiar inmigrante.	Elaboración de notas informativas en árabe e galego	Todo o curso
Dinamizar campañas e proxectos que promovan o emprego do galego nas aulas e no contorno social e cultural.	Emprego diario do galego como lingua vehicular en tarefas e actividades	Todo o curso
Dinamizar as colaboracións con diversas institucións (concello, asociacións, radio e biblioteca municipais) como centros de recursos e centros de difusión.	Emprego dos recursos facilitados por institucións diversas: folletos, libros, calendarios,...	Todo o curso
Fomentar festas e celebracións que promovan a implicación, compromiso e participación familiar dentro do marco de fomento e uso do galego.	Deseño e realización de encontros: Nadal, maíos, canto de reis, ...	Todo o curso
Dar pulo a campañas de fomento da lectura en galego entre a comunidade educativa e a poboación do concello.	Deseño e implementación de campañas de fomento da lectura como CONTOS na radio municipal  Recomendacións de libros no	Todo o curso

	<p>blog de biblioteca e de orientación</p> <p>Deseño para publicitar á cidadanía de libros para ler en familia con actividades motivadoras</p> <p>Divulgación nos medios de comunicación locais e autonómicos dos traballos de recompilación así coma das distintas actividades a realizar e/ou realizadas.</p> <p>Divulgación de libros en galego na EUROCIDADE VALENÇA-PORTUGAL</p>	
Identificar as similitudes e diferenzas entre as diversas LINGUAS do centro: galega, marroquí, inglés.	Localización e análise de diferenzas en diferentes textos	Todo o curso
Crear espazos radiofónicos e na web para as familias que promovan o uso da lingua galega e a recuperación da tradición oral galega.	Publicación web de vídeo sobre temática diversa: PAZ, DEREITOS HUMANOS, DÍA DO LIBRO, DÍA DA MULLER TRABALLADORA,...	3º trimestre
<b>OBXECTIVOS DIDÁCTICOS A ACADAR NO CONTORNO DO PROFESORADO.</b>		
Favorecer o emprego da lingua galega na vida da aula e para o desenvolvemento de propostas pedagóxicas e didácticas.	Deseño de propostas pedagóxicas-didácticas en galego	Todo o curso
Impulsar a creación de materiais multimedia en galego para o alumnado en xeral e para o alumnado con n.e.a.e en particular.	Deseño e implementación de materiais en galego dentro da aula elaborados polos diferentes equipos	Todo o curso
Promover o asesoramento continuo do profesorado aportando e facilitando material	Sesións de formación e asesoramento	Unha vez ao mes

elaborado en galego: audiovisual, bibliográfico, fonográfico ou informático.		
<b>OBXECTIVOS DIDÁCTICOS PARA ACADAR NO CONTORNO DO ALUMNADO.</b>		
Promover á lectura e a fala en galego no proceso de ensino-aprendizaxe.	Realización de Sesións de grabacións de contos, DOcumentais	Todo o curso
empregar materiais educativos en galego en diferentes soportes.	Realización de tarefas e actividades en galego	Todo o curso
Identificar, coñecer e analizar o significado da tradición oral refráns, adiviñas, alcumes, lendas ou crezas.	Realización de sesións para o análise de significados na aula, na radio, en reunións interxeracionais	3º trimestre
Planificar a resolución de tarefas e actividades en galego para o alumnado con n.e.a.e.	Deseño dun arquivo de recursos materiais para alumnado con n.e.a.e	Todo o curso
Dinamizar o coñecemento e a vivenciación do patrimonio culinario galego.	Deseño de sesións ou fichas recompilatorias para o descubrimento de patrimonio culinario	2º /3º trimestre
<b>4.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS A ACADAR NO CONTORNO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.</b>		
Descubrir e analizar recursos de tradición oral: adiviñas, refráns, alcumes	Búsqueda e compilación de adiviñas, refráns, alcumes,...	2º/3º trimestre
Recompilar a cultura culinaria da zona	Búsqueda e compilación de receitas da zona de influencia do alumnado	3º trimestre
Dinamizar o emprego do galego nos recursos para o alumnado con n.e.a.e	deseño e impresión de sudokus, laberintos, actividades de discrimainación visual, cruzados, bingos,	Todo o curso

	<b>Adaptación ao galego material de AUDICIÓN E LINGUAXE</b> (vocabulario CICERÓN, LOTOS, PROGRAMA ENSÉÑAME A HABLAR)  ...	
Analizar y comparar nomes do alumnado en galego	Sesións de análise do significado de nomes	2º/3º trimestre
Promover accións solidarias	Mercadillo solidario de libros en galego (trocamos un libro por 1kg comida)	2º/3º trimestre
Deseñar textos divulgativos en galego	Creación de folletos de promoción do galego, do consumo responsable, da lectura,...	2º/3º trimestre
Promover a creación de poemas ou cartas de amor en galego	Concurso de cartas ou poemas de amor en galego das nais e pais aos seus fillos e fillas.	
Promover a lectura en galego	Maratón de lecturas en galego	

